Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MARTES, 29 DE SETEMBRO DE 2026 | MARTES, 29 DE SEPTIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 186

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo de promoción interna (funcionarización) do posto de asesor/a xurídico/a, administración especial, grupo de titulación A1

ANUNCIO

Listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo de promoción interna (funcionarización) do posto de asesor/a xurídico/a, administración especial, grupo de titulación A1

Por resolución núm. 2263 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 23 de setembro de 2026, resolveuse o seguinte que en extracto di:

*"**Primeiro.**- Aprobar a listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo de promoción interna (funcionarización) do posto de asesor/a xurídico/a, administración especial, grupo de titulación A1, de acordo co seguinte detalle:*

ADMITIDOS/AS:

ADMITIDO			
Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	EXENCIÓN EXAME GALEGO
1	Bayo Rodríguez, Domingo Ángel	***8994***	SI

EXCLUÍDOS/AS:

Ningún/ha candidato/a.

O candidato presentará a memoria sobre a materia elixida, pola sede electrónica do Concello de Culleredo, no prazo de quince días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

***Segundo**.- Determinar a composición do tribunal cualificador de acordo co establecido na base oitava das bases específicas da convocatoria:*

Presidente/a:

Titular: María Isabel Buján Bernárdez (xefa de dinamización, formación e emprego do Concello de Culleredo)

Suplente: Carmen María Veira Baldomir (pedagoga do Concello de Culleredo)

Secretaria:

Titular: Karina Paula Díaz Arluna (secretaria xeral accidental do Concello de Culleredo)

Suplente.- O/a funcionario/a que ocupe a praza de secretario xeral accidental ou persoal en quen delegue.

Vogais:

Titular.- María de las Nieves Fuentes Bermejo (xefa de servizo de asesoría xurídica do Concello de Culleredo)

Suplente.- Vanesa García Barreiro (interventora xeral do Concello de Culleredo)Belia Vellón López (asesora xurídica do Concello de Culleredo)

Titular.- Pablo Bouza Suárez (xefe de servizo de educación e cultura do Concello de Culleredo)

Suplente.- Roberto Babío Fernández (xefe de economía e facenda do Concello de Culleredo)

Titular.- Belia Vellón López (asesora xurídica do Concello de Culleredo)

Suplente.- Gema Vázquez López (tesoureira xeral do Concello de Culleredo)

Número de anuncio 2026/6212

Terceiro.- *Convocar ao tribunal cualificador do proceso selectivo de promoción interna (funcionarización) do posto de asesor xurídico administración especial, grupo de titulación A1 para o comezo do procedemento de selección, na data, hora e lugar que se indican a continuación:*

Día: 28 de outubro de 2026

Hora: 09.30

Lugar: Salón de Plenos do Concello de Culleredo, sito na rúa do Concello 12, 15189 Tarrío, Culleredo.

Cuarto.- *Publicar o contido desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na web do Concello para xeral coñecemento.*

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Tribunal de Instancia do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa-. Con todo, e para o caso de Administracións Públicas, non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, debendo estarse ao disposto no artigo 44 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

O que se publica para dar cumprimento a base 7.2 da convocatoria.

Culleredo, 23 de setembro de 2026

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

P.D. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2026/6212